

ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ACCESIBILIDADE

Artigo 1º- OBXECTO.

Ten por obxecto a presente ordenanza a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía e da tarxeta de accesibilidade de usuarios previstas nos artigos 27 e seguintes da *Lei 8/97, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia* e nos seguintes artigos 50, 51, 52 e 53 do *Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba respectivamente o regulamento de desenvolvemento e execución da lei antes citada, coa fin de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con graves problemas de mobilidade e para que o seu titular poida disfrutar de facilidades de estacionamento, e como documento acreditativo da situación de discapacidade en orde a favor ou uso e disfrute dos transportes públicos.*

Artigo 2º- BENEFICIARIOS.

1. Poderán ser beneficiarios da tarxeta de estacionamento con carácter persoal e intransferible, aquelas persoas con minusvalías que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalías, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.
2. Terán dereito a expedición da tarxeta de accesibilidade aqueles interesados ós que se lles expedirá certificado de minusvalía, polos Equipos de Valoración e Orientación, dependentes das seccións de cualificación e valoración de minusvalías.

Artigo 3º- SOLICITUDES.

Presentaranse segundo o modelo oficial nas dependencias municipais, achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de minusvalía.

Artigo 4º- DEREITOS DERIVADOS DAS TARXETAS.

1. A titularidade da tarxeta de estacionamento dá dereito á:
 - a) Utilización das prazas de aparcadoiro reservadas polo concello con carácter permanente, e que estarán debidamente sinalizadas para vehículos que transporten as persoas titulares destas tarxetas.
 - b) Autorización para que os vehículos ocupados polas ditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peatonal.
 - c) Ampliación do límite de tempo, se este estivese establecido, para aparcadoiro de vehículos titulares desta tarxeta.
2. A tarxeta de accesibilidade de usuarios dará dereito ó seu titular a disfrutar dos beneficios a que se refiren a lei e o regulamento anteriormente citados.

Artigo 5º- MODALIDADE DA TARXETA E ESTACIONAMENTO.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo no que se traslade sexa ou non da súa propiedade, e sexa o titular da tarxeta o condutor do vehículo ou non.

Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a matrícula ou matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

Cando se faga uso dos dereitos que confire esta tarxeta, esta colocarse na parte interior do parabrisas dianteiro de forma que resulte claramente visible desde o exterior.

O modelo da tarxeta axustarase ás características sinaladas no Anexo III do Regulamento, que se establece no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Artigo 6º- EXPEDICIÓN DAS TARXETAS.

O expediente iniciárase a instancia da persoa interesada. O Concello de Vilalba remitirá copia da solicitude ó Equipo de Valoración e Orientación (EVO) da correspondente Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, para a realización do informe preceptivo que será vinculante para a resolución do procedemento, sendo competente para a súa concesión ou denegación a Comisión de Goberno.

En caso de que a cualificación da minusvalía sexa permanente, a taxa caducará ós 10 anos de concesión, e en caso de que a cualificación da minusvalía sexa provisional, caducará cando remate o prazo que esta indique.

Para a renovación seguirase o mesmo procedemento que para a concesión inicial.

Artigo 7º- RÉXIME SANCIONADOR.

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de 2 anos, debendo o interesado volver iniciar o procedemento para a súa nova expedición.

Así mesmo, no suposto de incumprimento da obriga establecida no artigo 5 respecto á colocación da tarxeta no vehículo, isto poderá conlevar á retirada do vehículo da vía pública.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no *BOP de Lugo*, e será de aplicación a partir dese mesmo día ata a súa derogación ou modificación expresa.

